

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**VIGO**

**Persoal, oposicións**

*ADXUDICACIÓN DA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE XEFE/A DE MUSEOS, NA ÁREA DE GOBERNO DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA, IGUALDADE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MEDIANTE O SISTEMA DE COMISIÓN DE SERVIZOS (EXPTE. 43002/220)*

*ANUNCIO*

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, o 20 de decembro de 2023, adoptou a seguinte resolución:

“PRIMEIRO.— Resolver a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante Xefe/a Museos Municipais”, código 140101, e que de seguido relacionase:

- Denominación: “Xefe/a Museos Municipais”
- Relación emprego: funcionario
- Referencia posto rpt: 140101
- Subgrupo de titulación: A1/A2
- Nivel de CD: 26
- Nivel de CE: 650
- Importe anual CE: 25.902,24 euros
- Tipo: singularizado
- Escala: Administración Especial
- Subescala: CE- cometidos especiais.
- Titulación requirida:
  - 1 ( grao ou equivalente)
  - 2 (Tit. De enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto- técnico, F.P. 3 ou equivalente).
- Formación específica: ningunha
- Forma de provisión: concurso específico

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.



Vigo, 8 Xaneiro 2024  
El Secretario General  
P.A.  
El Jefe del Registro General.

*Xoel Beato*

*AS NO. X. VICENTE COMESANTA TRIGO.*

SEGUNDO.— Nomear con cargo ao posto de traballo de “ Xefe/a Museos Municipais”, código 140101, a d. J.M. Rey García.— con DNI nº \*\*\*8255\*\*; sendo a duración da comisión de servizos a estritamente necesaria para cubrir durante o período transitorio que transcorra ata a provisión definitiva do posto vacante, atopándose directamente vinculada á provisión definitiva mediante



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

concurso específico en cuxa convocatoria atópase incluído o posto (expediente 41702-220); todo en base á inaprazable e urxente necesidade motivada de conformidade cos informes da Área solicitante e incorporados ao expediente; e en todo caso coa duración máxima de un ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

TERCEIRO.— A presente comisión terá efectos administrativos e económicos dende a toma de posesión, a cal deberá producirse no prazo de tres días desde a notificación da presente resolución se a mesma non implica cambio de residencia do funcionario; e oito días si implica cambio de residencia. En todo caso a duración máxima da comisión de servizos será dun ano prorrogable por outro.

CUARTO.— Notificar a presente aos solicitantes dos postos de traballo cuxa provisión se oferta, a d. J.M. Rey García.— con DNI nº \*\*\*8255\*\*, d<sup>a</sup>. M. Núñez Aboy.— con DNI nº \*\*\*3838\*\* e d. R. Nardi Gavilán Carvajal.— con D. N.I.\*\*\*7735\*\*; á Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, Á Administración de orixe Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, ao persoal técnico e grupo dous da Área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de persoal, Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Secretaría Xeral (Pleno e Xunta de Goberno Local) e Intervención Xeral Municipal para coñecemento e efectos.

QUINTO.— Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, ordenando a publicación da resolución da convocatoria no Taboleiro de anuncios e edictos e boletíns para público coñecemento do persoal municipal e da representación sindical.

Contra a presente resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.”

Vigo, data da sinatura electrónica.

A Xefa de Recursos Humanos e Formación.— María Dapena Gómez.

Conforme:

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-. María Olga Alonso Suárez.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).— Patricia Rodríguez Calviño.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:VFYL2Z2HKZS87LCB

